

Memoria do obradoiro de creación literaria desenvolvido do
IES “As Bizocas” do Grove
en Abril-Maio 2007

Relator: Ramón Caride Ogando

Profesora do grupo: Dolores Calo García

Periodización: Dez horas distribuídas en cinco sesións de 2 horas consecutivas, os
días: 12, 19 de Marzo, 16, 23 de Abril e 21 de Maio

Alumnas/os que participaron (4º ESO)

Álvarez Seijal, Estefanía
Basdedios Prieto, Nuria
Bea Mora, Alfredo Andrés
Besada Vidal, Juan Miguel
Cameselle Torres, Nerea
Casás Estévez, Alexia
Domínguez Bravo, María del Mar
Falcón Pérez, Marta
Gómez Campelo, Eva
González Gondar, Cristina
Magdalena García, Gonzalo
Méndez Castro, Tamara
Molinos García, Aída
Mourellos Mascato, Andrea
Mourellos Mascato, Sandra
Otero Benavides, Beatriz
Otero Otero, Sara Isabel
Portas Díaz, Dominica
Prieto Fernández, Tatiana
Sanmartín Otero, Manuel
Soutullo Aguín, Laura

DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNs:

SESIÓNs I-II

Estiveron adicadas á poesía, partindo do libro: POETÍZATE, de Fran Alonso como modelo, sendo esta unha antoloxía accesíbel, e axeitada para conectar cos intereses inmediatos dos rapaces. Tamén se traballaron libros de Lois Pereiro, Charles Bukowski ou Billy Childish, traducidos ao galego, asimesmo se traballou co cancionero medieval.

As dúas mostras máis afastadas no espazo e no tempo seiviron para subliñar a continuidade diacrónico-espacial da poesía galega: Lois Pereiro e Martín Códax. A elección do primeiro responde a que, sendo un autor aínda non canonizado no currículo escolar, foxe dos tópicos comúns aos poetas galegos recollidos neste ámbito; e a que é un personaxe atractivo para estas idades, polo seu malditismo e pola súa morte en plena mocidade.

O cancionero medieval, por contraste, remite á paisaxe cotiá dos alumnos/as e permite presentar doadamente a continuidade diacrónica, en formas e temas, da poesía galega, que xa é patente na Idade Media.

Traballáronse formas poética-lúdicas, como palíndromos, acrósticos, caligramas, anáforas, ou escrita a partir de imaxes.

SESIÓNS III-IV

Adicáronse á narrativa, un dos días a motivación foi a banda deseñada, con mostras representativas como O eternauta de Oesterherd-Breccia, ou Silencio de oboe, de Miguelanxo Prado.

Fíxose un coloquio sobre o argumento das obras, as elipses, a ambientación, os personaxes, etcétera. En ambos casos repartiuse o comezo da historieta como punto de partida de historias orais e escritas que se inventaron no obradoiro.

Tamén se falou do que cabe e non cabe nun relato escrito e un relato visual. Para subliñar as diferenzas entre o relato escrito e debuxado, traballamos cun coñecido relato de Edgar Allan Poe, O corazón delator (Contos de E.A. Poe, Tris-Tram, 1996), e a súa maxistral adaptación homónima ao cómic de Alberto Breccia (BRECCIA, Nueva Frontera, 1979), versión que, conservando a literalidade do relato, permítenos ilustrar, pola súa condición de case story-board, as peculiaridades da narrativa visual. Dado que a creación literaria é concebida polos alumnos/as da ESO como unicamente limitada á produción de textos narrativos e poéticos, editados en forma impresa, pero que descoñecen a relación do literario co audiovisual, as primeiras sesións adicáronse á analizar e tomar en paralelo algúns relatos escollidos e a súa tradución á curtametraxe ou á banda deseñada, particularmente o relato O vello que quería ver o tren, de Rafael Dieste, levado varias veces á curtametraxe.

Deste xeito descóbríuselles que os recursos narrativos (descripción, personificación, metáfora, clímax, etcétera) son basicamente os mesmos, e, ao tempo, proporciónanse modelos básicos como exercicios de imitación. Tamén se conecta a escrita cos produtos culturais que consumen, maioritariamente audiovisuais, aproveitando así o valor motivador da imaxe.

Outros textos motivadores que se empregaron foron os relatos de Julio Cortázar, Juan José Millás, Camilo Franco, J.M.Servín, e moitos outros, que se empregaron como punto de partida argumental ou fornecedores de títulos, para a creación de relatos breves polas rapazas. A última sesión adicouse a un libro de contos representativo do propio relator, centrándose a sesión na discusión e análise dos relatos do seu libro Boca da noite.